

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Delegación da alcaldía na 1ª tenente de alcalde

ANUNCIO

Con data 17 de agosto de 2020 ditouse pola Alcaldía a resolución seguinte:

ASUNTO: DELEGACION DA ALCALDÍA NA 1ª TENENTE DE ALCALDE.-

EXPEDIENTE: 2020/G003/000244

Antecedentes:

En virtude das facultades que me confiren os artigos 63 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, 23.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 43.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

Primeiro: que me substitúa a 1º tenente de alcalde, dona INES SANTOS PEREIRO, na titularidade das funcións correspondentes á Alcaldía, dende o 18 ao 31 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos.

Segundo: notificarlle ao interesado esta Resolución.

Terceiro: o presente decreto producirá efectos a partir do día seguinte ao da data, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en virtude do que dispón o artigo 44.2 do R.O.F., dando conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre.

No non previsto nesta resolución, rexerá o disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, no marco das regras que para o réxime de delegacións se establecen nas citadas normas.

Mándao e asínao o señor alcalde en Tordoia a dezasete de agosto de dous mil vinte.

O alcalde

Eduardo Antonio Pereiro Liñares”

Tordoia, 17 de agosto de 2020

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares

2020/5773